

Que queres ver?

Os ollos de Victorine e a construción da cuarta parede · Gustavo Pernas Cora · Laivento, 2006 · 160 páx. · 13 euros

Que pretendes, Victorine? Está claro que a ti, máis que ver, gústache mirar. Pero, por que? Manet pintoute subversiva sobre a herba aló polo 1863. Fixo da túa nudez un pretexto e da túa ollada un abismo. Plantado fronte ao teu misterio, o mirón burgués descubriuse observado. Fóra de contexto. Na distancia irónica que impós, descubriuse espectador. *Le déjeneur sur l'herbe* é a obra de arte que Gustavo Pernas abandeira no seu ensaio como catalizadora de todas as pulsións que levarían á consagración no teatro naturalista doutro xeito de mirar. Este modo de ver tería na aplicación do concepto de 'cuarta parede' a súa formulación escénica fundamental.

Pernas parte do cadro para tecer unha excelente análise comparada da madeixa de significantes e significados que, dispersos entre as descubertas e as contradicións da sociedade burguesa e das praxes artísticas, e mesmo médicas, de finais do XIX, configurarían a escena como ese cubo pechado e autónomo con respecto a palcos e patio de butacas que xa fora prefigurado por Diderot no seu *Discours sur la poésie dramatique* (1758), e que, a partir de Antoine, deveu fundamento sustancial para a reprodución, pretendidamente aséptica, "natural", de fragmentos de realidade.

Mediante unha escrita dialóxica certamente interesante, Pernas consegue fiar un exercicio intertextual ateigado de voces imprescindíbeis no eido da reflexión sobre a arte. O recurso constante a Susan Sontag, Baghtin, Flaubert, Baudrillard, Benjamin, Eugenio Trías, Gombrich ou Duvverger, entre outros, complementa unha narración con estilo propio que, se ben en ocasións resulta confusa debido ás múltiples implicacións das relacións que abarca, ofrécelle ao lector-mirón a posibilidade de participar dos enigmas da mirada de Victorine, da súa sorprendente proxección,

desentrañados polo crítico da mesma maneira que o faría o director de escena, figura estrela do período que trata: recodificando os signos que os fan posíbeis.

Un dos fitos do libro é, sen dúbida, un enfoque que entronca con algunhas liñas actuais do pensamento feminista. Afrontar o estudo dos mecanismos que orixinaron a idea da cuarta parede dende a constatación da ruptura do binomio corpo-natureza implica diseccionar as estratexias sexuais que promoveron a intelectualización do desexo e condicionaron a posta en marcha de mecanismos institucionalizadores da distancia, dun dispositivo que evitara o cuestionamento da implicación directa do espectador finisecular, impaciente por mirar polo ollo da pechadura.

Victorine está núa, con naturalidade e insolencia, nun dos templos da moralidade pública e exhibese ante a conciencia do espectador formulando unha pregunta que abrirá novos camiños na Historia da arte: que miras? Ou mellor aínda, que queres ver?".



Benvido o espectador moderno. Pernas sitúanos xusto no seu nacemento. A ollada obscena mingua o éxito do proxecto naturalista da análise clínica dun anaco de vida. Mirada clínica, mirada cínica. Como contrapartida, a verdade aflora máis ca nunca. Na distancia incómoda, o *voyeur* comeza a experimentar a súa propia moral burguesa e represora. Non hai profilaxe contra os efectos do monólogo interior, nin espectador a quen non desafíen os ollos de Victorine.

// **Andrea Álvarez Pino**